



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA O ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A AULA OBRADOIRO DE FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, DECLARA:

Que esta Consellería formalizou co Concello de Salvaterra de Miño o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día da súa sinatura ata o remate do curso escolar 2017-2018. Esta vixencia poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes durante o curso escolar 2018-2019 no caso de que non se rematen as actuacións necesarias nas dependencias do IES Salvaterra de Miño.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Salvaterra de Miño para continuar impartindo o ciclo de Carpintería e moble de Formación Profesional Básica no IES de Salvaterra de Miño.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O artigo 3.10 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que os ciclos de Formación Profesional Básica serán de oferta obrigatoria e carácter gratuíto. A colaboración do concello permitirá ao alumnado residente en Salvaterra de Miño continuar recibindo a formación práctica correspondente ás ensinanzas de Formación Profesional Básica actualmente ofertadas pola administración educativa sen necesidade de desprazarse a outras localidades, polo que a sinatura deste convenio redundará en beneficio de toda a comunidade educativa do concello.





Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

